



POPULARES



Grupo Municipal Popular
Santiago de Compostela

PREGUNTA ORAL SOBRE O INCUMPRIMENTO, POR PARTE DA XUNTA DE GOBERNO, DUN ACORDO IMPULSADO POR COMPOSTELA ABERTA

Ao abeiro do disposto no artigo 101 do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello, o concelleiro que subscribe formula a seguinte pregunta ao Goberno Local para a súa contestación oral no Pleno:

No mes de novembro, o Pleno municipal, sen o apoio do Grupo Popular, aprobou unha moción de urxencia presentada por Compostela Aberta a fin de que o Concello se adherise á campaña BDS global “*contra Israel, apelando ás persoas...para impor boicots e implementar iniciativas de desinvestimentos ...*”.

Apenas unhas semanas máis tarde, a Xunta de Goberno -conformada por concelleiras e concelleiros de Compostela Aberta- acordou a contratación do subministro duns chalecos antibala de fabricación israelí, decisión que resulta curiosa, contraditoria, hipócrita, á vista do que os mesmos concelleiros e concelleiras aprobaron no Pleno.

Sen menoscabo da solidariedade co pobo palestino e sen menoscabo da apostila pola viabilidade de Palestina, o Grupo Popular entende que, ademais de ilegal, resultaría lesivo para os intereses do Concello e da cidade a discriminación e exclusión por razóns ideolóxicas de bens e servizos de orixe israelí, que podería afectar mesmamente ao festival Womex previsto para este mesmo ano ou a proxectos de interese susceptibles de seren desenvolvidos sobre a base dos elementos de identidade que vinculan Santiago e Xerusalén.

É evidente que os órganos de Goberno do Concello non poden secundar a campaña BDS, e así o confirma a contratación pola Xunta de Goberno de chalecos antibala de orixe israelí; é evidente que a campaña BDS non se axusta a legalidade nin se axusta a vontade real do Goberno municipal, vontade real do Goberno de CA que é, ou vén de ser, a de confiar na industria militar israelí.

Á vista do exposto, cómpre formular a seguinte pregunta:

Por qué os integrantes da Xunta de Goberno se comprometen en pleno con iniciativas que non teñen vontade real e sincera de cumplir?

Santiago, 14 de xaneiro de 2016

Alejandro S Brunete Varela
Concelleiro do Grupo Municipal Popular

Sr. Alcalde do concello de Santiago de Compostela.